Concello de Arzúa

A C T A

En Arzúa, a 22 de xuño de 2017.

Sendo as 11.00 horas, reúnense na aula n.º 3 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado "Terra do Queixo", sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de **auxiliar de biblioteca**, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de vintecinco horas semanais, durante un período de tempo de cinco meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 10 de abril de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

• Presidenta: D. Ramón Torreiro González (*traballador laboral fixo na biblioteca municipal de Arzúa).*

• Vogais:

-Dª. Pilar Vázquez Ares (*traballadora laboral fixa na biblioteca municipal de Betanzos).*

-Dª. Sagrario López Moures *(traballadora laboral fixa na biblioteca municipal de Monterroso).*

• Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado *(secretario do Concello de Arzúa).*

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- , o presidente procedeu a declarar constituida dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realizacion do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en "*responder a un cuestionario de vinte preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*".

Para o cal, elaboraronse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio, desde as 9.30 horas ata as 10.50 horas- as vinte cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos tres folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, incluindo tamén tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos trinta e oito aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos sesenta e dous que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o presidente da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.

- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe e, se non o fora, na mañá do día 23 de xuño.

- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de trinta minutos, desde as 11.20 horas ata as 11.50 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- Cales son os tres elementos definitorios da biblioteca pública segundo a ALA (American Library Association)?

a) A) 1. Control por parte dun organismo público. 2. Finanzamento mediante impostos. 3. Libre acceso a todos os cidadáns en condicións de igualdade.

b) B) 1. Libre acceso aos cidadáns 2. Colección dirixida a cada grupo diferente de poboación. 3. Finanzamento público e privado.

c) C) 1. Dirixida preferentemente a nenos e xoves. 2. Os usuarios deben abonar unha cantidade pola súa utilización. 3. O resto finánzase vía impostos.

d) D) 1. Son de carácter xeral. 2. Teñen a súa colección a disposición de todos os cidadáns. 3. Deben ocupar un lugar céntrico na localidade.

2.- Se nunha biblioteca atopamos un fondo agrupado baixo un cartel que di: "Novela Romántica". Estamos diante dunha:

a) A) Ordenación sistemática baseada na CDU.

b) B) Un centro de interés.

c) C) Ordenación por coleccións.

d) D) Ordenación por catálogo dicionario.

3.- Segundo a UNESCO, o documento que aparece ao menos catro veces por semana chámase:

- A) Revista.
- B) Boletín.
- C) Periódico.
- D) Semanario.

4.- Dunha publicación con periodicidade bimestral recíbense:

- A) Dous exemplares nun mes.
- B) Un exemplar cada dous meses.
- C) Doce exemplares ao ano.
- D) Dous exemplares cada dous meses.

5.- Que é o "ISBN":

a) A) O Instituto de Bibliografía Nacional.

b) B) O Instituto Superior Bibliográfico Nacional.

c) C) International Stándar Book Number.

d) D) Institución Supranacional de Bibliotecas Nacionales

6 .- O ISBN consta actualmente de:

- A) Trece díxitos.
- B) Dez díxitos.
- C) Nove díxitos máis un de control.
- D) O ISBN foi suprimido en 2015.

7.- Un documento estará incorporado na colección dunha biblioteca cando:

- A) Se cataloga.

- B) Se lle asigna un número de rexistro.
- C) Se clasifica.
- D) Se adquire.

8.- Que catálogo se utiliza para facer o inventario de fondos dunha biblioteca?

- A) Catálogo alfabético de materias.
- B) Catalogo sistemático.
- C) Catálogo topográfico.
- D) Catálogo alfabético de autores

9.- A Clasificación Decimal Universal é unha clasificación:

a. A) Numérica e xerárquica.

b. B) Temática e facetada.

c. C) Coronada e enumerativa.

d. D) Exclusivamente numérica

10.- A que número da CDU remitiríamos a un usuario que solicita libros de xadrez?:

- A) 794
- B) 621
- C) 744
- D) 159

11.- Quen é o reponsable da edición española da CDU?

- A) O Ministerio de Cultura.
- B) A Biblioteca Nacional.
- C) AENOR.
- D) Cada autonomía edita a súa.

12.- Que significan as siglas IFLA?

- A) Instituto de Fondos Literários Alfabetizados.
- B) Federación Internacional de Asociacións de Libreiros.
- C) Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas.
- D) Instituto de Fondos de Libros Antiguos.

13.- Segundo a IFLA, cantos libros debe haber por término medio por habitante nunha Biblioteca Pública?.

a. A) Entre 1,5 e 2,5.

b. B) Entre 4 e 5.

c. C) Máis de 5.

d. D) IFLA non contempla o número de libros que debe haber por habitante.

14.- Que é a signatura topográfica?

- A) É un código alfanumérico que se coloca normalmente no lombo dos libros de topografía.
- B) É un código alfanumérico que se coloca normalmente no lombo dos libros para a súa localización nos andeis.
- C) É un código que representa o lugar e data de publicación de cada documento.
- D) É un código alfanumérico para facilitar o préstamo de documentos.

15.- Que son as pautas PULMAN:

a. A) Recomendacións dadas pola Consellería de Cultura para xestión de Bibliotecas Públicas.

b. B) Recomendacións dadas pola Unesco para xestión de Bibliotecas Públicas.

c. C) Recomendacións dadas pola Sociedade da Información da Comisión Europea para xestión de Bibliotecas Públicas.

d. D) Normas xerais de catalogación promulgadas pola UNESCO.

16.- A CDU ten as súas orixes na:

a. A) Clasificación de Vickery.

b. B) Clasificación de Raganathan.

c. C) Clasificación de Dewey.

d. D) Nas bibliotecas parroquiais británicas.

17.- Cal dos seguintes dereitos non recoñece a Constitución?:

a) A) Dereito á libre elección de profesión ou oficio.

b) B) Dereito á promoción a través do traballo.

c) C) Dereito á formación no traballo.

d) D) Dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as necesidades propias e da familia.

18.- A Xunta de Goberno Local existirá nos municipios de poboación menor de 5.000 habitantes:

a) A) Cando así o decida o alcalde.

b) B) Cando o acorde o Pleno do Concello.

c) C) Cando o decidan os representantes dos grupos políticos que forman parte da Corporación Local.

d) D) Cando o solicite un tercio do número de membros da Corporación Local.

19.- Cal das seguintes atribucións non pode delegar o alcalde nun tenente de alcalde?

a) A) Representar ao Concello.

b) B) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servicios e obras municipais.

c) C) A aprobación dos proxectos de urbanización.

d) D) Dirixir o goberno e a administración municipal.

20.- Cal das seguintes atribucións non pode delegar o Pleno no Alcalde?

a) A) O control e fiscalización dos órganos de goberno.

b) B) A aprobación inicial do planeamento xeral.

c) C) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

d) D) A alteración da calificación xurídica dos bens públicos.

Preguntas de reserva:

21.- Segundo a Constitución, todos temos dereito á vida. En cal dos seguintes supostos non queda abolida a pena de morte:

a) A) Cando unha lei orgánica regule eses supostos.

b) B) Cando o dispoñan as leis penais militares para casos de guerra.

c) C) Cando se trate de delitos de terrorismo.

d) D) Nos supostos que se indican no código penal.

22.- Cal é o programa informático de xestión que utilizan a maioría das bibliotecas municipais de Galicia?

a) A) Koha.

b) B) Proxecto Meiga.

c) C) Biblioteca 2000.

d) D) Bibliotecas XL.

23.- En que ano se crea en España o primeiro Plan Nacional de Bibliotecas?

a) A) 1800.

b) B) 1811.

c) C) 1950.

d) D) 1978.

Respostas

1	A
2	B
3	C
4	B
5	C
6	A
7	B
8	C
9	A
10	A
11	C
12	C
13	A
14	B
15	C
16	C
17	C
18	B
19	D
20	C
21	B
22	B
23	B

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos catro membros integrantes -, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluido cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

n.º rexistro entrada	Nome e apelidos	Puntuación prueba teorica
1220	Paula Meijome Carril	3,75
1226	María García Pérez	6,50
1237	Roberto Jacobo Fraiz Ferreiro	10,75
1238	Iria Camean Bao	17,75
1239	Asunción Crego Alario	3,5
1247	Pamela Cordido Méndez	NP
1264	Xeila Lueiro Couto	NP
1282	Laura Dominguez Alvarez	9,75
1283	Alberto Dacunha Pazos	8,75
1284	Noelía López Verdes	7,50
1285	Estrella Conde Barco	NP
1308	María Esperanza Sánchez Rodeiro	NP
1323	María Almudena Quintana Gómez	NP
1324	Margarita Bendaña López	9,50
1325	Cristina Iglesias Tilve	NP
1326	Beatriz Morado Vázquez	NP
1333	Rebeca Novo Castro	NP
1334	Enma Roca Vázquez	10
1335	Cristina Conde Carreira	11,50
1336	Alejandro Pérez Vázquez	4,75
1345	Javier Montero Vázquez	NP
1334	Marta Furelos Pampín	8,75
1347	María del Camino Martín Vilda	8
1348	María Luisa Jamardo Jueguen	14
1349	Alvaro Martínez Albardonedo	10,25
1350	Isabel García Vila	NP
1372	Sandra Graña Neira	4,50
1375	Patricia Merino Mouriño	14,25
1377	M.ª Almudena Pita Couselo	16

1378	Cristina María Cendán García	NP
1379	M.ª José Rodríguez Morandeira	NP
1392	Susana Novo Vázquez	4,25
1394	M.ª del Sagrario Vidal Quintela	NP
1395	M.ª de los Angeles Boado Vázquez	NP
1403	Rocio Toxo Asorei	13
1404	M.ª del Mar Novo Veiga	NP
1405	Armida Liliana Gallegos Hernández	8
1407	Cristina Vázquez Casal	NP
1409	M.ª del Mar Souto Liñeira	NP
1417	Gloria Concepción Villar Rodríguez	NP
1429	Luis Alberto Sánchez Alamancos	9
1444	M.ª Josefa Plata Santos	10,50
1446	M.ª Gloria Meijide Cesar	0
1447	Antonia García Vázquez	10
1448	Carlos Francisco Zamora Sánchez	NP
1449	Gaspar Domínguez Méndez	15
1450	Fernando Santos Palmou	NP
1451	Ana Méndez Iragorri Sánchez	13,75
1452	M.ª Jesus Rosende Otero	6,75
1453	Lorena García Novoa	13,75
1454	Pablo Ouro Rodríguez	NP
1455	Paula Morono Fernández	4
1484	Iria Figueroa Martínez	NP
1486	Mónica Rey Sánchez	NP
1488	Natalia de la Peña Calvo	15,25
1491	Belén Pascual Rodríguez	9,50
1518	Marta Fernández García	16,25
1520	Adriana Candela Cousillas Lino	15
1522	Ana María González Botana	12,75
1524	Oscar Duro Pazos	NP
1530	Paula Vieites Lías	14
1561	Belen Aradas Blanco	9

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os

cuestionarios contestados, por aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima aos 10 puntos que era o límite para non quedar eliminados.

Faise constar que, durante o tempo en que o presidente e as dúas vogais estiveron correxindo os exercicios realizados polos aspirantes, o secretario observou que o enunciado da cuestión número 20 estaba mal redactado, por canto que en vez de dicir ¿Cal das seguintes atribucións non pode delegar o Pleno no alcalde", debería dicir ¿Cal das seguintes atribucións pode delegar o Pleno no alcalde?

Polo que acordouse -por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- substituír esa cuestión, pola primeira cuestión de reserva, e adaptar as puntuacións en base á contestación desa pregunta de reserva.

Tras todo o exposto, adoptouse -tamén por unanimidade dos catro membros da Comision Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos trinta e oito aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

Segundo: Facer saber aos vintedous aspirantes, que non obtiveron a puntución mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro: Convocar aos restantes aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **27 de xuño** (martes) as **11.00 horas**, na Biblioteca municipal de Arzúa, sito na rúa Padre Pardo; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluido no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de corenta e cinco minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 14.40 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisón, dou fe.